

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 22 DE MARZO DE 2023.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e dous de marzo de 2023, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase denegar a licenza urbanística para a construción de almacén agrícola no Cabalo, Orbazai (2020/Y001/000338).

Tamén se acorda conceder as seguintes liencas urbanísticas: para rehabilitación de edificación tradicional no núcleo rural tradicional de Coeo (San Vicente de Coeo), parroquia de Coeo (2021/Y001/000189); para a construción de nave de planta baixa destinada a uso hortifrutícola para autoconsumo na Vila San Xillao de Rubiás (2020/Y001/000250) e para reforma en edificio existente para a implantación de uso residencial (cambio de uso de local comercial a espazo comunitario do edificio sen alterar substancialmente a distribución dos elementos comúns deste) na planta baixa da rúa río Navia, número 9 (2021/Y001/000285).

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a segunda e derradeira prórroga do contrato dende o 15/05/2023 ao 14/05/2024 na contratación dun servizo de impresión de recibos non domiciliados do Concello de Lugo (exp. ref. 2019-042) (Tecol 2019/C003/000003).

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac4444101548478433334.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 22-3-2023

Acórdase a aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación da obra “Conservación e mantemento da praza do Carne e da rúa do Carne, Lugo”; incluído no programa operativo Feder Orde HAP/2427/2015, do 13 de novembro, con financiamento do 80% e a apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2023/C002/000003.

Tamén se acorda a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto e regulación harmonizada na contratación da prestación do servizo de xestión e atención ao público da oficina municipal de turismo das Salas museísticas municipais “Centro de Interpretación da Muralla, Museo Interactivo da Historia de Lugo (MIHL), Casa dos Mosaicos, Sala de Exposicións Porta Miñá e Centro Arqueolóxico de San Roque”; e o punto de Información Turística de verán e a apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2023/C003/000016.

Acórdase a acumulación de recursos e a desistencia do procedemento na contratación do servizo para a redacción do proxecto do polideportivo “Lugo Sport Life. Recursos de reposición contra pregos da licitación., exp. ref. 2022-C003-000033.

3. FACENDA LOCAL.- Acórdase estimar parcialmente o recurso de reposición no que se alega erro na liquidación, así como anular a liquidación provisional 1100403, do expediente 2020/Y001/000112.

Acórdase aprobar a regularización tributaria exp. denegación licenza urbanística para segregación da parcela nº 9 da avda. de Madrid, en dúas parcelas independentes.

Taméns e acorda aprobar a regularización tributaria exp. denegación licenza urbanística para demolición en parte da edificación: tabiquería interior, carpintería interior e exterior e a cuberta na rúa do Progreso, número 14.

Do mesmo xeito, acórdase aprobar a regularización tributaria exp. denegación licenza urbanística para a construción de vivenda unifamiliar no núcleo rural a Torre-Soñar-Casbalín-Festos-Lamela, parroquia de Soñar.

Acórdase aprobar a regularización tributaria exp. denegación licenza urbanística para a legalización de reconstrución de alpendre para a cría de xovencas de leite no Burgo, parroquia de San Vicente do Burgo.

Asi mesmo, acórdase desestimar o recurso de reposición no que se alega erro na liquidación do expediente 2020/Y001/000352.

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.